

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

**Lugar:** sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

**Data:** 9 de xuño de 2021

**Hora de comezo:** 12:30 h

**Hora de remate:** 13:25 h

### ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

Joaquín Collazo Rodríguez (director da Área de Calidade)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

Susana Reboreda Morillo (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

Ángeles Parrillas Lata (responsable de calidade dos PD do ámbito Xurídico-Social)

Juan Jesús Rico Fuentes (alumno)

Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

### INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

## ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da presidencia
3. Aprobación, se procede, da metodoloxía do seguimento interno do programa de doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial
4. Validación, se procede, da memoria de modificación do programa de doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (DocTIC) para implantar no curso 2022/23
5. Rolda aberta de intervencións

## DELIBERACIÓNS

### **1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Apróbase por asentimento a acta da Comisión de Calidade da EIDO do 21 de maio de 2021.

### **2 Informe da presidencia**

O director da EIDO informa sobre:

- Verificación e Modificación dos programas: Aínda falta o definitivo do P.D CC. Sociais e Envellecemento. Respecto as modificacións do P.D. Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (DocTIC) tratarase no punto 4.
- Renovación de acreditación: da convocatoria co curso 2020/21, a primeira visita será o 29 de xuño para os dous programas do ámbito Artes e humanidades: Tradución e Paratradución e Estudos Lingüísticos. Respecto á convocatoria do curso 2019/20 seguimos tendo os informes finais favorables dos P.D Comunicación e P.D. Estudos Literarios e os informes provisionais de P.D. Equidade e innovación en educación, P.D. Xestión y Resolución de Conflictos, P.D. Menores, Familia y Xustiza Terapéutica e P.D. Arte Contemporánea.
- Seguimento: no punto 3 tratarase a metodoloxía do seguimento interno do P.D. Análise económica e estratexia empresarial.

### **3 Aprobación, se procede, da metodoloxía do seguimento interno do programa de doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial**

O subdirector da EIDO comenta as liñas xerais do procedemento de seguimento interno. O técnico superior de calidade da Área de Calidade propón realizar un informe onde se comenten as recomendacións de mellora e non ter que decidir entre darlle un resultado final de conforme ou non conforme. Finalmente o director da Área de Calidade comenta que é así como se fai en grado ou mestrado.

O subdirector da EIDO comenta que para utilizar revisores externos, teríamos que pagarlle pola revisión, polo que se propón que a revisión a fagan os membros desta comisión, e que anoten as horas que usen na revisión. Respecto ao estudante, sería preferible que fora do ámbito de coñecemento, pero non o consideramos necesario.

Preséntanse voluntarios Susana Reboreda Morillo, Ángeles Parrillas Lata e Juan Jesús Rico Fuentes.

Apróbase por asentimento a metodoloxía e os revisores para o seguimento interno do programa de doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial.

### **4 Validación, se procede, da memoria de modificación do programa de doutoramento en**

## **Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (DocTIC) para implantar no curso 2022/23**

O subdirector da EIDO comenta que non se recibiron alegacións á memoria, e resume as modificacións propostas polo CAPD do programa como resposta aos requirimentos recollidos no informe final de avaliación para a renovación da acreditación.

O responsable de calidade dos PD do ámbito Científico comenta que a memoria está ben feita, pero que podía mellorarse nestes aspectos:

- Xustificar os grupos que presentan profesorado sen teses dirixidas nin sexenios
- Incluír táboa de teses dirixidas
- Revisar a existencia dun grupo unipersoal
- Aclarar o número de estudantes da páxina 19
- Repensar se 30 estudantes de entrada anual non é demasiado dada a demanda do título
- Revisar a estimación da taxa que aparece na páxina 67.

A Comisión de calidade acorda validar a memoria de modificación do programa de doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (DocTIC) coas recomendacións de mellora descritas anteriormente.

## **5 Rolda aberta de intervencións**

O responsable de calidade dos PD do ámbito Científico solicita que se cree unha guía interna sobre aspectos a revisar nas memorias, como as actividades formativas, os resultados, o profesorado e as liñas de investigación. O Área de Calidade recolle a suxestión como parte das boas prácticas.

## **ACORDOS**

1 Apróbase a acta da Comisión de Calidade da EIDO do día 21 de maio de 2021.

2 Apróbanse a metodoloxía e os revisores para o seguimento interno do programa de doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial

3 Valídase a memoria de modificación do programa de doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (DocTIC) para implantar no curso 2022/23

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace  
O presidente